

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: decreto nombramento comité expertos EDIFICIO NOVAS TECNOLOXÍAS

Asunto: dec nombramento comité expertos

DECRETO NÚMERO 555/2011 DO LIBRO DE RESOLUCIÓNS EN MATERIA DE CONTRATACIÓN E PATRIMONIO DITADO POLA TENENTE DE ALCALDE DELEGADA DA ÁREA.

Ilma. Sra. Dona SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e Emprego.

Lugo, 22 de xullo de 2011

Instruído expediente relativo a DESIGNACIÓN DOS MEMBROS QUE FORMARÁN PARTE DO COMITÉ DE EXPERTOS PARA A VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACION DO SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACION DOS ESTUDIOS PREVIOS, REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A NOVAS TECNOLOXÍAS (PROXECTO 10UR1101 URBAN Edificio novas tecnoloxías).

Examinado o expediente de referencia e vistos:

1.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación da prestación do servizo de referencia

2.- Cláusula décimo primeira e décimo segunda no que se detalla que para a valoración dos criterios de adxudicación relativos á proposta técnica a e tendo en conta o sinalado no artigo 134 da LCSP, deberá constituírse un comité formado por expertos na materia non integrados no órgano proponente do contrato que serán:

- Dous arquitectos/as municipais.
- Un/unha arquitecto/a adscrito/a á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia.
- Un/unha arquitecto/a técnico/a municipal.
- Un/unha técnico/a do servizo municipal de informática.
- Un/unha representante das asociacións de Lugo que traballan pola accesibilidade.

Os membros do comité serán designados por resolución da Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego e que será dictada e publicada no perfil do

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: decreto nombramento comité expertos EDIFICIO NOVAS TECNOLOXÍAS

Asunto: dec nombramento comité expertos

contratante con carácter previo á apertura da documentación incluída no sobre A.

En uso das atribucións que me estan conferidas en virtude do acordo nº 2/444 da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño de 2011 **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Designar para formar parte do comité de expertos para a valoración da proposta técnica do sobre B para o **SERVIZO CONSISTENTE NA REALIZACION DOS ESTUDIOS PREVIOS, REDACCIÓN DO PROXECTO, PROXECTO ARQUEOLÓXICO, DIRECCIÓN DE OBRA, COORDINACIÓN EN MATERIA DE SEGURIDADE E SAÚDE E SEGUIMIENTO ARQUEOLÓXICO DURANTE A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO DESTINADO A NOVAS TECNOLOXÍAS (PROXECTO 10UR1101 URBAN Edificio novas tecnoloxías).**, ós seguintes:

- Don Angel Riva Cabanas , arquitecto municipal
- Dona Laura Campoy Vázquez, arquitecta municipal.
- Don Julio Lamas Pardo, arquitecto técnico municipal ou dona Belén Santiago Vázquez na súa substitución.
- Don Pastor Ferreiros Carreira, arquitecto adscrito á Direccion Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia
- Don Rafael Otero Otero, técnico do servizo municipal de informática ou don Eduardo Risco Bóveda na súa substitución.
- Dona Fernanda Arrojo Novoa e en substitución desta dona Matilde Fernández Fernández, en representación das asociacións de Lugo que traballan pola accesibilidade.

SEGUNDO.- Publicar este Decreto no perfil do contratante do Concello de Lugo.

TERCEIRO.- Notifíquese-la presente resolución ás dependencias e servizos municipais afectados coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-se os seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999 de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante o órgano competente, no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse

CONTRATACIÓN,PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/atm

Ref: decreto nombramento comité expertos EDIFICIO NOVAS TECNOLOXÍAS

Asunto: dec nombramento comité expertos

recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 116.2 da Lei 30/92).

Cúmprase.